

Domingo 31, Marzo 2013 | [Cultura](#)

**"Ponse a natureza como escusa para non mudar as cousas. Pero os humanos fabricamos a sociedade"**

[Montse Dopico](#) | [@montsedopico](#)



Estíbaliz Espinosa



Estíbaliz Espinosa © Sandra García Rey

Tomar distancia. Reenfocar a mirada para observar os humanos desde fóra de si mesmos. É o camiño que a escritora [Estíbaliz Espinosa](#) emprendeu no seu primeiro poemario individual, *Pan (libro de ler e desler)* (2000). **Desde entón, adoptou múltiples ópticas. Do neanderthal ao cyborg. O autómatas. O robot. O monstro. A besta. Seres desde os que repensarnos.** En *Zoom. Textos biónicos* (2009) explorou ademais a relación entre creador e criatura. Autora e obra. E dese mesmo abraio polo texto, pola páxina, arranca o seu novo libro: *Papel a punto de*, publicado en castelán por El Gaviero Ediciones e [dispoñible en galego no blogue da autora](#).

“Somos o que escribimos. Cando nos poñemos a escribir pretendemos que as nosas palabras creen mundos. E creámonos a nós mesmos”

A escrita como materia, como “cousa física que nos fabrica”, explica ela. Porque **“somos o que escribimos. Cando nos poñemos a escribir pretendemos que as nosas palabras creen mundos. E creámonos a nós mesmos”**, pensa. Recreámonos, en medio dunha loita perpetua por deixarnos por escrito. Por rexistrarnos, perpetuarnos. Xa *Zoom* reflexionaba sobre a ambición humana de emular a vida. Sobre a ilusión do alquimista. A ciencia ou a arte como simulacro dunha eternidade que é só quimera. Porque -advirte *Papel a punto de*-, a posteridade é igual a cero, a nada. Pura intemperie. **“Non sabemos o que vai transcender de nós. Non sabemos se o que deixamos será interesante para quen veña no futuro. Pero seguimos empeñados en deixar o noso legado verbal”**, asegura. Ou, como sostíña *ennúmero e* (2004), nin elevados a n poderíamos traspasar o tempo. Rozar a infinitude. Espinosa indaga en todas estas cuestións na primeira parte do libro, *materia oscura*. Nela son recoñecibles algunha das imaxes favoritas da autora, como o ovo: o óvulo da orixe da vida. Xunto ao seu abraio pola ciencia -Carl Sagan, por exemplo-. Pero, ao lado da mirada cósmica, -un astronauta contempla a terra desde lonxe en *orama* (2002)-, *Papel a punto de* acolle outras perspectivas.

Somos artificiais, como o cyborg e o clon, duplicacións do humano. É máis, a linguaxe, o discurso, tamén son fabricación social. Do mesmo modo que a arte é, para ela, mímese, copia

Demóstrano os poemas agrupados baixo o título *materia gris*, ou os encabezados con *fluído rosa*. Os primeiros indagan no artificial: como as cidades, estruturas mecánicas de ferro e cemento. “Moitas veces ponse a natureza como escusa para non cambiar as cousas. En realidade, os humanos fabricamos a sociedade”, apunta. **Somos artificiais, como o cyborg e o clon, duplicacións do humano. É máis, a linguaxe, o discurso, tamén son fabricación social. Do mesmo modo que a arte é, para ela, mímese, copia.** Creación colectiva. Hipertexto, no seo do cal xorde de cando en vez algunha mutación.

*Materia gris* percorre Nova York e evoca ao indio que tivo que vender a súa illa por uns poucos dólares. Imaxina Ciudad Juárez e as súas mulleres asasinadas. “Decateime de que levaba tempo cun discurso moi filosófico e de que descoidara o presente. Por iso este libro é como unha pancada que me dou a min mesma”, asegura. ***De Ciudad Juárez conecta ademais co pensamento feminista da autora.***

“Neste libro pregunto a grandes escritoras da historia como é posible escribir e ao mesmo tempo criar un fillo soa. Elas responden que iso xa o fixeron moitas. Son contraria ao vitimismo. As mulleres de Ciudad Juárez si son vítimas do patriarcado. Iso é a violencia de xénero: verdugos e vítimas. Pero polo demais, creo que os avances da posición social da muller teñen que vir da súa loita. **Do mesmo xeito, interésame a forza das mulleres. A épica feminina, que non é a masculina, nin son os tópicos dos sentimentos, o intimismo...**”, sinala. E desde esta épica -a “forza sobrenatural” da nai, por exemplo-, trata as relacións humanas en *fluído rosa*.

A especie autodenominada *sapiens sapiens* está conformada por individuos que só representan “un entre seis millóns”. Persoas que deben aprender a empatizar cos seus semellantes

*Papel a punto de* reúne textos escritos en diferentes épocas, algúns anteriormente publicados no blogue da autora, que **tentou, sen éxito, que este libro fose publicado antes en galego que en castelán.** A prosa convive nel coa poesía, -con algúns poemas de forma clásica, aínda que sen rima nin métrica-, ou con listas ao modo de Sei Shonagon, continuando a mesma concepción híbrida do xénero que os seus libros anteriores. O estilo, contundente en poemas longos, desenvolve unha retranscrición máis sutil que *Zoom*. Aínda que advirte do mesmo: **a especie autodenominada *sapiens sapiens* está conformada por individuos que só representan “un entre seis millóns”. Persoas que deben aprender a empatizar cos seus semellantes.** E co Outro. Porque cómpre transcendernos a nós mesmos. Traspasar os nosos propios límites. Abrirnos.

COA TÚA **ACHEGA** FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA